



Concello de Vigo

DON JOSE--RAMON RODRIGUEZ--SABUGO FERNANDEZ, SECRETARIO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO.

CERTIFICO: Que o Pleno deste Excmo. Concello, en sesión do día 28 de Maio de 1992, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

22.- ESTUDIO DE DETALLE NA UNIDADE DE ACTUACION "FRAGA". RESOLUCION DE RECLAMACIONES. APROBACION DEFINITIVA.

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, na sesión celebrada o 28 de novembro de 1991, aprobou inicialmente o Estudio de Detalle da Unidade de Actuación Fraga. Durante o prazo de exposición ó público formularon alegacións D. Fernando Autrán Pérez, en representación da "Mútua de Accidentes y Enfermedades Profesionales, La Naviera", e D. José Angel López Veiga, esta última fora de prazo. As citadas alegacións foron remitidas ó equipo redactor do Estudio de Detalle para que a súa vez alegaran o que estimaran pertinente, cousa que fixeron no informe presentado perante o Rexistro Xeral deste Concello con data 20 de maio de 1992.

O Técnico de Administración Xeral e o Arquitecto da Sección de Urbanismo, con data 20 de maio de 1992, formularon os informes seguintes sobre as devanditas alegacións:

— A alegación formulada por D. Fernando Autrán Pérez, en representación da "Mútua de accidentes y enfermedades profesionales, La Naviera":

"Esta alegación refírese á necesidade de suprimir no Estudio de Detalle o paso peatonal na planta baixa do inmovible propiedade da Naviera, xustificando tal necesidade nos argumentos contidos no informe do arquitecto D. José María Catalán Pérez de Lis, que se adxunta como anexo á alegación.

Os servicios municipais consideran, á vista do informado polo equipo redactor, que se ben é certo que a existencia de tal paso redundaría nunha mellor utilización da praza interior, dadas as características constructivas da edificación da que é propietaria La Naviera, non habería inconveniente na supresión de tal paso, xa que o mesmo non responde a ningunha imposición do planeamento.

A vista do anterior os servicios municipais propoñen a estimación da alegación de La Naviera e, xa que logo, solicitar ó equipo redactor a modificación do Estudio de Detalle no senso de elimina-lo paso peatonal, antes citado, correxindo o fondo edificable do inmovible de La Naviera, a fin de non incrementa-la edificabilidade establecida para a Unidade de Actuación."

— A alegación formulada por D. José Angel López Veiga:

"Esta alegación refírese á necesidade de ter en conta no Estudio de Detalle á necesidade de mante-la saída de emerxencia da Discoteca "Nova Olimpia" cara á parcela sinalada co número dous no plano dous do Estudio de Detalle.

En relación con esta alegación os servicios municipais informan que consideran que a citada parcela número dous deberá quedar gravada cunha servidume de paso a fin de mante-las medidas de seguridade da Discoteca en cuestión, polo cal propoñen estima-la alegación".

O Secretario Xeral, con data 26 de maio de 1992, emite o preceptivo informe no sentido de que "ratifico o informe emitido e a súa proposta de resolución, por un técnico da Administración Xeral e un Arquitecto da



sección de Urbanismo, con data 20 de maio actual, sobre o indicado Estudio de Detalle e a súa aprobación definitiva".

A Comisión Informativa de Urbanismo dictamina na forma que se expresa na parte dispositiva deste acordo.

(No momento da votación estan ausentes os Concelleiros Sres. Figueroa Vila, Garrido González e Pardo Rodríguez).

VOTACION E ACORDO.— Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.— Estimar a reclamación de José Angel López Veiga e desestimar a reclamación de Fernando Autrán Pérez en representación da "Mútua de Accidentes y Enfermedades profesionales, La Naviera".

Segundo.— Aprobar definitivamente o Estudio de Detalle na Unidade de Actuación "Fraga" coas correccións derivadas da estimación da alegación do Sr. López Veiga que recollerá nos textos o Equipo Redactor.

Terceiro.— Comunica-lo acordo á Comisión Provincial de Urbanismo no prazo de dez días e publica-lo no Boletín Oficial da Provincia.

E para que así conste e ós efectos oportunos, expido esta certificación, de orde e co visto e prace do Ilmo. Sr. Alcalde, coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en Vigo a cinco de xuño de mil novecentos noventa e dous.

Vº. e Pr.
O Alcalde,

kv.

